

MASTER CLASS

AUDIOVISUAL MARKETING & INTERNATIONAL SALES

Félize Frappier

Produtora · Axente de vendas internacionais

Programa:

1. Introducción: presentación da súa experiencia e o sistema en Canadá
2. Como se prepara a asistencia a un mercado?
3. Caso de estudo (marketing e promoción / estratexia de lanzamento)

Prazas limitadas ata completar aforo, por orde de inscrición.

A docente falará en inglés. Disporase de servizo de tradución simultánea.

Formalización de reservas e máis información: formacion@consorcioaudiovisualdegalicia.org

CV Félize Frappier

Produtora · Axente de vendas internacionais

Traballando no sector da distribución como axente de vendas para Max Films International desde 2003, Frappier conseguiu vendas para películas como *Seducing Dr. Lewis*, *The Far Side of the Moon*, *Borderline* e *Crying Out*. No 2010 deu un paso cara a produción para producir a primeira película de Guy Édoin, *Marécages (Wetlands)*. O filme conseguiu a súa *premiere* mundial o pasado ano na Semana da Crítica de Venecia e despois abriu a sección "Canada First" en Toronto en 2011, antes de ser seleccionada en seccións oficiais de numerosos festivais (entre outros *Pusan 2011*, *Vancouver 2011*, *Namur 2011*, *Chicago 2011*, *Valladolid 2011*).

No eido académico hai que indicar que se graduou con honores en Literatura Francesa (McGill), é graduada en Xestión de Organizacións Culturais (HEC Montreal), realizou o EAVE Workshops (2008) e participou en varias sesións profesionais de capacitación (VA-HEC TV & Film Management 2006, Strategic Partners 2009, Rotterdam Lab 2011, Cannes Producers Network 2011).

Actualmente está a traballar no desenvolvemento de *La Canicule des pauvres (Heat wave)*, unha adaptación cinematográfica da novela epónima de Jean-Simon DesRochers, segunda longametraxe de Guy Édoin.

CV MAX FILMS

Compañía de produción e vendas internacionais

Max Films é unha compañía de produción e vendas internacionais con sede en Montreal especializada en desenvolvemento, produción e *licensing* de dereitos internacionais de directores con talento.

En 2003 Max Films axudou a revitalizar o cine canadense producindo e vendendo por todo o mundo a película con máis recadación en Québec: *Seductin Doctor Levis (La Grande séduction)*, dirixida por Jean-François Pouliot e escrita por Ken Scout.

A película máis recente de Max Films é *Another Silence* de Santiago Amigorena, que se estreou mundialmente no 2011 nos Venice Days.

Organizan:



Academia Galega do Audiovisual

consorcio audiovisual
de Galicia



Colabora:

CeMIT | Centros para a Modernización
e Inclusión Tecnolóxica